



Concurso EPAPU

Tendo en conta a recente negociación do borrador do CXT dimos por reproducidas as propostas coincidentes co concurso xeral, facendo fincapé en que ao ser un concurso específico a marxe de manobra da Consellaría é maior. Resaltamos a nosa demanda do perfil lingüístico galego de todas as especialidades e da posibilidade de aumentar o peso da baremación das funcións docentes (apartado 4.3) para evitar a discriminación que existe hoxe por hoxe ao existir un tope de 5 puntos neste epígrafe cando por ocupar a dirección se poden obter 20 puntos só con 4 anos no cargo. Reiteramos todas e cada unha das nosas propostas para aquelas convocatorias, con especial incidencia nestas.

Hai que rematar con esta desproporción:

Dirección: 20 puntos por 4 anos no cargo.

Todo o resto de cargos docentes: 5 puntos como máximo traballes o tempo que traballes.

Solicitamos que se incluíra unha solución á posibilidade de ter destino definitivo simultáneo no concurso de adultos e no de orientación, co cal unha das prazas quedaría deserta.

A administración recolle a nosa achega e vai incluír a seguinte prioridade.

Resolución dos concursos:

- 1º Concurso EPAPU
- 2º Concurso Orientación Mestres
- 3º CXT

Isto implica que quen obteña destino nun concurso que se resolva primeiro xa non poderá obter destino nos seguintes, decaendo deles.

A CIG-Ensino solicita que poida participar o profesorado que obtivo destino definitivo no pasado CXT

Na convocatoria de prazas nas EPAPU do curso pasado solicitamos que a Consellaría elevase unha consulta á Asesoría Xurídica central da Xunta para analizar a nosa proposta de que nos concursos específicos de ámbito galego se puidese participar aplicando a actual redacción do artigo 91.2 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galiza (LEPG) que reduce de 2 anos a 6 meses a permanencia nun destino definitivo para poder participar nun concurso específico. A Consellaría, malia afirmar naquela Mesa que a nosa interpretación puidese ser acertada non o quixo facer. Reiteramos novamente a nosa petición xa que a CIG é partidaria de que todo o profesorado, tamén que obtivo destino no curso pasado, poida participar.

O propio Real Decreto 1346/2010 de concurso de traslados indica na Disposición Adicional 1ª que poden existir outros prazos de permanencia inferiores a 2 anos e que, en todo caso, ese prazo de 2 anos hai que respectalo para moverse a outras administracións.

Van solicitar o informe, pero remarcan que esta solicitude non quere dicir que vaian variar as súa postura en canto á limitación de dous anos.

Demandamos que se publiquen os cadros de persoal das EPA

Solicitamos novamente que o cadro de persoal das EPAPU debe ser público. O coñecemento público das prazas actualmente existentes nos centros de adultos favorece a transparencia, evita calquera posíbel arbitrariedade e permite coñecer

se o reparto de prazas por especialidade é correcta. Hai docentes dalgúns das especialidades, como é o caso de Tecnoloxía, que entenden que deben existir vacantes da súa especialidade. A mellor maneira de sabelo é establecer a carga lectiva mínima por materias e especialidades e, por tanto, un cadro de persoal básico.

Vacantes ofertadas

CORPO DE PES		
CENTRO	ESPECIALIDADE	PAZAS
15025751. EPA de Santa María de Caranza de Ferrol	590008. Bioloxía e xeoloxía	1
15032650. EPA de Teixeiro.- Curtis	590006. Matemáticas	1
27601509. EPA de Albeiros.-Lugo	590005. Xeografía e historia 590015. Portugués	1 1
27020811. EPA de Bonxe.- Outeiro de Rei	590123. Procesos e produtos en madeira e moble	1
32015581. EPA de Ourense	590006. Matemáticas	1
	590010. Francés	1
	590053. Lingua galega e literatura	1
	590011. Inglés	1
32020701. EPA Pereiro de Aguiar	590018. Orientación	1
	590011. Inglés	1
36018872. EPA Río Lérez.-Pontevedra	590005. Xeografía e historia	1
	590006. Matemáticas	1
36018884. EPA Berbés.-Vigo	590005. Xeografía e Historia	1
	590053. Lingua galega e literatura	1
	590004 Lingua castelá e literatura	1
	590011 Inglés	1
36024720. EPA Nelson Mandela.- A Lama	590007 Física e Química	1
	590011. Inglés	1
	590053. Lingua galega e literatura	1
CORPO DE MESTRES		
CENTRO	ESPECIALIDADE	PAZAS
27601509. EPA de Albeiros.-Lugo	597038. Educación primaria	1
27020823. EPA de Monterroso	597032. Lingua estranxeira: inglés	1
36018872. EPA Río Lérez.-Pontevedra	597038. Primaria	1

En cor azul as solicitadas pola CIG Ensino e en vermello as comunicadas pola administración ao comezo da mesa sectorial.

Non conceden a nosa solicitude para a **EPA de Ourense** dunha praza de matemáticas a maiores da xa ofertada.